

Venres, 3 de maio de 2024

Núm. 87

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****PROVINCIAL**

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

**Contratos administrativos**

*CONCURSO PÚBLICO PARA O ALLEAMENTO DE 14 PARCELAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO NO CONCELLO DE BARRO*

*ANUNCIO DE LICITACIÓN*

O Pleno desta Deputación Provincial na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de abril de 2024, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, coas seguintes especificacións:

*ENTIDADE ADXUDICADORA*

*Organismo:* Deputación Provincial de Pontevedra.

*Tipo de Administración:* Administración Local.

*CIF:* P3600000H

*Sitio Web:* <http://www.depo.gal>

*Perfil del Contratante:* <https://contrataciondelestado.es>

*Enderezo postal:* Avenida de Montero Ríos s/n, código postal 36071, Pontevedra.

*Teléfono:* 986 804 101

*Fax:* 986 804 126

*Correo electrónico:* [contratacion@depo.es](mailto:contratacion@depo.es)

*Órgano de contratación:* Pleno.

*Recepción de ofertas:*

<https://community.vortal.biz/sts/Login?SkinName=deputacionpontevedra&currentLanguage=es>

*DESCRIPCIÓN DO CONTRATO*

*Número expediente:* 2024025116.

*Descrición:* O alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro.



Venres, 3 de maio de 2024

Núm. 87

*Tipo contrato:* Administrativo especial. Os negocios xurídicos que poderán realizarse sobre as parcelas que figuran no Anexo nº 3 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexen este procedemento aberto, son os seguintes:

1. Contrato de compravenda.
2. Constitución dun dereito de superficie, por un prazo mínimo de cinco (5) anos e un máximo de vinte e cinco (25) anos, con ou sen opción de compra.

*Clasificación CPV:* 70122000.- Servizos de compra ou venda de terreos.

*Prezo das parcelas:* No anexo 4 do prego de cláusulas económico-administrativo figura a relación valorada das parcelas, ordenadas por áreas de actividade, coa súa superficie total, a súa superficie edificable e o importe no que se valoran. O prezo por metro cadrado é de 119,79 euros, IVE incluído. (99,00 €/m<sup>2</sup> + 20,79 € correspondentes ó 21% de IVE).

#### PROCESO DE LICITACIÓN

*Tramitación:* ordinaria.

*Procedemento:* concurso público.

*Presentación da oferta:* electrónica, na plataforma de licitación electrónica VORTAL, sitio web <https://community.vortal.biz/sts/Login?SkinName=deputacionpontevedra&currentLanguage=es>.

O prazo de presentación de ofertas rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante e/ou Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

#### CONDICIÓNS DE LICITACIÓN

*Garantías:* O licitadores deberán constituír garantía provisional equivalente ao 2% do importe tipo ou base de licitación previsto no anexo 4 do Prego, IVE excluído; no suposto de optar pola constitución dun dereito de superficie a garantía provisional a constituír será equivalente a media anualidade do canon tipo ou base de licitación, previsto no anexo 4, IVE excluído.

A garantía consignarase, exclusivamente, na Caixa da Deputación de Pontevedra, en calquera das formas previstas no artigo 106 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En canto á garantía definitiva e, no seu caso, á garantía de pago fraccionado, regúlase na cláusula 18ª do Prego.

*Condições de admisión:* Poderán concorrer á esta licitación as persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coa Administración Pública sinaladas no artigo 71 da LCSP.



Venres, 3 de maio de 2024

Núm. 87

Outros requisitos esixidos ás persoas licitadoras: indícanse no prego de cláusulas económico administrativas.

*Criterios de adxudicación:* indícanse con detalle na cláusula decimosexta do prego de cláusulas económico administrativas e son os seguintes:

- *Prezo:* Por melloras á alza no prezo, ata 40 puntos.
- *Interese social da iniciativa empresarial:* Por creación de emprego, ata 20 puntos.
- *Condicións ambientais da implantación empresarial,* ata 15 puntos.
- *Polo importe da inversión,* ata 15 puntos.
- *Polo número de parcelas que o licitador pretenda a adquisición ou constitución dun dereito de superficie,* ata 10 puntos.

#### OUTRAS ESPECIFICACIÓNS

As indicadas no prego de cláusulas económico administrativas e nos seus anexos 1, 2, 3,4, 5 e 6.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A deputada delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación.  
(Delegación efectuada por R.P. nº 2024002173 de data 15-03-2024)

María Isabel Couselo Torres.

O Secretario

Carlos Cuadrado Romay

Asinado dixitalmente ao marxe.

